

SalvaRodríguez

# Sucedeu en Cabo Udra

Agatha Christie non deixou ningún testemuño escrito da estada de Hércules Poirot en Galicia. Os feitos que hoxe referimos demostran, sen embargo, que o detective belga pescudou aparicións da Santa Compañía en Udra.

¿Un caso menor? Non debería atribuírse a esta razón - aínda que algúns incautos inxustificadamente así o apunten- o silencio da escritora verbo dos misteriosos sucesos que tiveron lugar en xullo de 1938 no Cabo de Udra, Beluso. Acertan, en cambio, os biógrafos que enxergaron en Christie unha personalidade temerosa das forzas ocultas do Máis Aló, malia súa afección a tratar asuntos detectivescos cun ou varios crimes polo medio.

Hércules Poirot desembarcou no porto de Vigo o 24 de xullo de 1938, en plena guerra civil española. Non viña requerido estritamente por asuntos políticos, senón en resposta os desexos dun seu compatriota, colaborador dos republicanos, que tiña coñecemento de aparicións da Santa Compañía en Udra, preto de onde as forzas fascistas agachaban unha batería de canóns cos que rexeitaban calquer ataque marítimo.

- Quero que saiba. Monsieur Poirot-, díxolle Jacques Bertrand, que así se chamaba o amigo- que se lle pedín que viñera non foi soamente polo serio problema que temos para desmantelar a batería de Udra, senón porque todo canto me contan dese lugar chéirame a misterio, a cousas do Outro Mundo, vaia.

O “serio problema” de que falaba Bertrand era o seguinte: a batería de Udra estaba considerada un punto estratéxico de cara a procurar unha ofensiva por mar dunha brigada soviética que, despois de facerse con Morrazo, tiña encomendada a misión de tomar as cidades de Pontevedra, Marín e Vigo, e servir de enlace co Batallón Asturiano “Don Pelayo”. A operación denominada ONEDAR (“O Norte é da República”) era básica, xa que logo, nos astutos plans do xeneral Liste, pronunciado Lister.

En realidade, non é que fora dificultosa a toma de Udra por terra; a batería soamente era defendida polos restos dun destacamento franquista constituído por unha dúcia de soldados, escasamente equipados. Ocorría que os repetidos intentos dos republicanos tropezaran cun atranco insospitado, a Santa Compañía.

- Eu son ateo e a maioría dos nosos homes tamén-, refería Bertrand -pero non hai quen lles quite da cabeza que por Udra anda a Santa Compañía. Atacar de día sería

un suicidio, por iso eliximos a noite pero, imeu Deus!, resulta que a procesión das ánimas dos mortos sae sempre ao solpor.

- ¿E viuse a procesión esa dos difuntos algunha vez?, - preguntou Poirot.

- ¡Esas cousas non se ven, monsieur! Pode ser demasiado tarde. Xa me decato de que non está vostede moi ben informado. Se alguén se topa coa Santa Compañía ten que debuxar un círculo no chan e meterse dentro. Mais debe facelo axiña, senón, lévanno con eles, non sen antes, para espantar aínda máis, destapar o ataúde onde a vítima distingue horrorizada a face dun cadáver cos seus mesmos trazos físicos cuspidos.

- ¿E logo como saben que é a Santa Compañía?- inqueriu interesado o detective.

- Polo ruído. Soan unhas campañas e escóitanse pasos, arfar de animais, bisbar de cristiáns...ata hai quen di que albiscou a luz das candeas mortuorias.

Púxose Poirot inmediatamente (ou antes) en marcha. Subiu ó “Illas Ficas” de Vapores de Pasaxe e, deseguido, ao Cerqueiro correspondente que o trasladou pola costa -é decir, atravesando Vilaríño, Aldán e Bon- de Cangas a Beluso, a onde arribou á tardiña. A pé achegouse ata Udra e, cando xa se dispuña a baixar a praia de Mourisca, afeccionado como era a cabalgar, non puido evitar dirixirse ao picadeiro do lugar para facer un pouco de exercicio. En chegando ó mesmo, escoitou o son das campañas. Pertencían as bestas que o dono do establecemento equino deixaba a pastar polos arredores.

- ¡ Vaites, vaites!- pensou para si -. ¡Así que iso era a Santa Compañía!

Nin siquera volveu a visitar a casa de Bertrand. Embarcou dous días despois rumbo a Bretaña, cheo de razón por dar por solucionado o “serio problema”.

Quen si visitou Galicia meses máis tarde, rematada a guerra civil, foi Agatha Christie: “Isto de Poirot non o contarei -disque dixo- pero eu, por se acaso, e xa que estou aquí, vou cumprir co Santo Andrés de Teixido”. Christie xa sabía daquela que a batería de Udra endexamais fora conquistada polos republicanos, e que a dúcia de soldados fascistas que a custodiaban desaparecera da face da terra. Aínda hoxe se di que as súas ánimas desgraciadas pasean por alí tódalas noites de lúa chea.

